

Actas del
IX Congreso Internacional
de la Asociación Hispánica
de Literatura Medieval

(*A Coruña, 18-22 de septiembre de 2001*)

I

2005

Actas del IX Congreso Internacional de la Asociación Hispánica
de Literatura Medieval, 2005.

© Carmen Parrilla
© Mercedes Pampín
© Toxosoutos, S.L.

Primera edición, agosto 2005

© Toxosoutos, S.L.
Chan de Maroñas, 2
Obre - 15217 Noia (A Coruña)
Tfno.: 981 823855
Fax.: 981 821690
Correo electrónico: editorial@toxosoutos.com
Local en la red: www.toxosoutos.com

I.S.B.N. obra conjunta: 84-96259-72-2
I.S.B.N. volumen: 84-96259-73-0
Depósito legal: C-xxxxx-2005

Impreso por Gráficas Sementeira, S.A. - Noia
Reservados todos los derechos

Don Afonso Sanchez. Notas biográficas

Mariña Arbor Aldea

Universidade de Santiago de Compostela

A Xosé Manuel Quintela

Poucos, dispersos e fragmentarios eran os datos cos que contaba o estudosos da lírica galego-portuguesa, relativos á figura histórica do trobador don Afonso Sanchez,¹ ata a aparición, en 1994, do traballo de A. Resende de Oliveira *Depois do espectáculo trovadoresco*.² A análise da documentación publicada para o reinado de don Denis de Portugal,³ das crónicas contemporáneas –en concreto, a *Crónica Geral de Espanha de 1344*,⁴ a *Crónica de*

¹ Véxanse as breves liñas biográficas que lle dedicaron ó bastardo de don Denis T. Braga, *Cancioneiro Portuguez da Vaticana*, Imprensa Nacional, Lisboa, 1878, p. lxviii; C. Michaëlis de Vasconcelos, *Cancioneiro da Ajuda*, II, Prensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa, 1990^[1904], pp. 216, 224, 228, 246, 247, 306, n. 1, 395, n. 7, 469, 509, n. 2, 588; *Idem*, “Randglossen zum altportugiesischen Liederbuch, XV: Vasco Martinz und D. Afonso Sanchez”, *Zeitschrift für romanische Philologie*, 29 (1905), pp. 683-711, en particular, pp. 697-698; *Idem*, *Lições de Filología Portuguesa*, Edición da *Revista de Portugal*, Lisboa, 1946, p. 424; J. J. Nunes, *Cantigas d'Amigo dos trovadores galego-portugueses*, I, Centro do Livro Brasileiro, Lisboa, 1973^[1926-1928], pp. 177, n. 2, 180, n. 1, 312-313; A. Magne, “Um trovador do período post-dionisiano. Dom Afonso Sanches [1279-1329]”, *Revista de Philologia e de História*, 1 (1931), pp. 58-88, en concreto, pp. 61-69; H. Livermore, “The Formation of the Cancioneiros”, *Arquivos do Centro Cultural Português*, 25 (1988), pp. 107-147, en particular, pp. 116, 125, 144, e G. Tavani, *A poesía lírica galego-portuguesa*, Galaxia, Vigo, 1991^[1986], p. 278.

² A. Resende de Oliveira, *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*, Colibri, Lisboa, 1994. No curso da presente exposición remitiremos sempre a este traballo, áñda que o autor recupera os datos achegados neste volume en *Trobadores e xogares. Contexto histórico*, Xerais, Vigo, 1995.

³ Entre esa documentación, moita dela áñda inédita, revisten particular interese os tres manifestos publicados por don Denis durante a guerra civil de 1319-1324. Véxase F. Félix Lopes, “Santa Isabel de Portugal. A larga contenda entre el-Rei D. Dinis e seu fillo D. Afonso”, *Itinerarium*, 4, 1 (1953), pp. 34-41; *Idem*, “O primeiro manifesto de el-Rei D. Dinis contra o Infante D. Afonso seu fillo e herdeiro”, *Itinerarium*, 13, 55 (1967), pp. 17-45; *Documentos para a História da Cidade de Lisboa. Livro I de Místicos de Reis. Livro II dos Reis D. Dinis, D. Afonso IV, D. Pedro I*, Câmara Municipal de Lisboa, Lisboa, 1947, pp. 135-146. Así mesmo, debe destacarse a colección documental publicada por C. da Silva Tarouca, *O Cartulário do Mosteiro de Santa Clara de Vila do Conde*, Vila do Conde, 1986^[1947].

⁴ L. F. Lindley Cintra, *Crónica Geral de Espanha de 1344*, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa, 1990^[1951].

Portugal de 1419⁵ e a *Gran Crónica de Alfonso XI*⁶ e da literatura xenealóxica— fundamentalmente, o *Livro de Linhagens do Conde D. Pedro*⁷, así como a consulta da bibliografía citada polo profesor Oliveira no curso do seu traballo⁸ e dos datos achegados por investigacións posteriores, xurdidas no marco da fecunda corrente de estudos históricos que se desenvolve nas universidades portuguesas,⁹ permiten hoxe trazar de forma coherente e matizada o perfil biográfico deste bastardo rexio.¹⁰

⁵ A. de Almeida Calado, *Crónica de Portugal de 1419*, Universidade de Aveiro, Aveiro, 1998.

⁶ D. Catalán, *Gran Crónica de Alfonso XI*, Cátedra Seminario Menéndez Pidal-Editorial Gredos, Madrid, 1977.

⁷ J. Mattoso, *Livro de Linhagens do Conde D. Pedro. Portugaliae Monumenta Historica: nova série*, II (ts. I e II), Academia das Ciências, Lisboa, 1980. Véxase tamén J. Piel-J. Mattozo, *Livros Velhos de Linhagens [Livro Velho de Linhagens e Livro de Linhagens do Deão]*, *Portugaliae Monumenta Historica. Nova Série*, I, Academia das Ciências, Lisboa, 1980.

⁸ En particular, J. Antunes, A. Resende de Oliveira e J. Gouveia Monteiro, “Conflitos políticos no Reino de Portugal entre a Reconquista e a Expansão. Estado da questão”, Separata da *Revista de História das Ideias*, 6 (1984), pp. 118-121; J. Mattoso, “A guerra civil de 1319-1324”, *Portugal Medieval: novas interpretações*, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa, 1985, pp. 293-308. A estes traballos áñada se lles deben engadi-las seguintes obras de referencia: Fr. F. Brandão, *Monarquia Lusitana*, V, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa, 1976^[1650]; VI, 1980^[1672]; A. Braamcamp Freire, *Brasões da Sala de Sintra: livro segundo*, Imprensa da Universidade, Coimbra, 1927; A. Caetano de Sousa, *História Genealógica da Casa Real Portuguesa*, Atlântida Livraria-Editora, Coimbra, 1946; *Idem, Provas da istória Genealógica da Casa Real Portuguesa*, Atlântida Livraria-Editora, Coimbra, 1946; J. M. Cordeiro de Sousa, “Contenda entre Afonso Sanches e o Conde Dom Martim Gil”, *Armas e Troféus*, 2 Série, 6 (1965), pp. 251-259; M. Barbieri, “Afonso Sanchez”, en *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, coord. G. Lanciani e G. Tavani, Caminho, Lisboa, 1993, pp. 21-23; J. Mattoso, *História de Portugal, II: A Monarquia Feudal (1096-1480)*, Editorial Estampa, Lisboa, 1993.

⁹ Véxase M. J. Barroca, *Epigrafía Medieval Portuguesa (862-1422)*, Universidade do Porto, Porto, 1995 [dissertación de doutoramento policopiada], e J. A. de Sotto Mayor Pizarro, *Linhagens Medievais Portuguesas: genealogías e estrategias (1279-1325)*, Universidade do Porto, Porto, 1997 ([dissertación de doutoramento policopiada]).

¹⁰ A crítica tradicional sinalou como aspectos básicos da biografía de don Afonso Sanchez o favoritismo co que este contaba ante don Denis e as difíciles relacions que o bastardo mantería co herdeiro da coroa, o despois monarca Alfonso IV. Ambos argumentos aducíronse como causas da guerra civil de 1319-1324, áñada que, como se verá, esta respondía a una fractura política e socioeconómica que tñía as súas raíces nas décadas precedentes e que sería decisiva para a propia historia do reino portugués. Véxanse os comentarios que sobre estes particulares achegan Brandão, *Monarquia*, V, 292v; *Idem, Ibidem*, VI, pp. 169, 196, 206; Michaëlis, *Ajuda*, II, pp. 247, 395, n. 7, 509, n. 2; *Idem*, “Randglossen”, pp. 697-698; *Idem, Lições*, p. 424; Nunes, *Amigo*, I, p. 312; Freire, *Brasões*, p. 193; Magne, “Um trovador”, pp. 61, 63.

Filho d'el rei don Denis de Portugal, como sinalan as rúbricas atributivas presentes nos códices que conservaron a súa produción poética, o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*, o *Cancioneiro da Vaticana* e as copias tardías da Biblioteca Nacional de Madrid (*M*) e da Biblioteca Pública Municipal do Porto (*P*), así como a propia *Tavola Colocciana*,¹¹ don Afonso Sanchez é o segundo dos seis fillos naturais do monarca portugués.¹² Naceu, froito da relación de don Denis cunha dama da nobreza secundaria do Minho, Aldonça Rodrigues de Telha,¹³ probablemente na década de 1280.¹⁴

¹¹ Para a localización de don Afonso Sanchez nos cancioneiros e análise dos seus ciclos de textos, consúltese M. Arbor Aldea, *O cancioneiro de don Afonso Sanchez: edición e estudio*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2001, pp. 63-92. Nas cantigas do trovador non se recolle ningunha referencia a acontecementos históricos que posibilite, sequera de xeito aproximado, data-la súa composición. Só a tensó que don Afonso sostén con Vaasco Martinz de Resende, *Vasco Martinz, pois vós trabalhades* (B 406, V 27, *M*, *P*), permite identifica-lo seu opositor poético, señor de Resende por vía feminina e descendente, pola rama paterna, dos Pimenteis, e postula-la súa elaboración en Portugal, antes de 1324, data na que o bastardo rexio parte exiliado para Castela (cfr. Arbor, *O cancioneiro*, pp. 14-16, n. 4, e *infia*, p. 10). Véxase, así mesmo, Michaëlis, “Randglossen”, p. 697, n. 4; Magne, “Um trovador”, p. 66, e Livermore, “The Formation”, p. 125.

¹² Os bastardos de don Denis que están documentados son Pedro Afonso II, nacido de Gracia Anes; Fernão Sanches, de nai descoñecida; João Afonso II, froito da unión do monarca con María Pires; María Afonso I, filla de Marinha Gomes; María Afonso II, de nai descoñecida, e o propio Afonso Sanchez (cfr. Mattoso, *Livro de Linhagens*, II/1, p. 129; Cintra, *Crónica Geral*, IV, p. 252; Calado, *Crónica*, p. 169 [véxase Apéndice. 1ñ]; Brandão, *Monarquia*, V, 174-187^v; Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, p. 184). En canto á orde de nacemento destes, don Pedro sería o primeiro fillo do monarca (cfr. Cintra, *Crónica Geral*, IV, pp. 248, 252; Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, p. 189, n. 141).

¹³ “dom Afonso Sanchez, filho d'el rei dom Dinis de Portugal e de dona Aldonça Rodriguez de Telha, de gaanca” (cfr. Mattoso, *Livro de Linhagens*, II/2, pp. 93-94; véxase tamén *Idem*, *Ibidem*, II/1, pp. 129, 238; Brandão, *Monarquia*, V, 175; Michaëlis, *Ajuda*, II, pp. 306, n. 1, 395, n. 7, 509, n. 2; Michaëlis, *Lições*, p. 424; Freire, *Brasões*, p. 193; Nunes, *Amigo*, I, pp. 180, n. 1, 312; Magne, “Um trovador”, p. 61; Sousa, *História Genealógica*, p. 148; Oliveira, *Depois do espectáculo*, p. 311; Barroca, *Epigrafia*, II, p. 1061). Para esta favorita de don Denis, consúltase Piel-Mattoso, *Livros Velhos*, pp. 39-140, 166; Mattoso, *Livro de Linhagens*, II/1, pp. 300-301, 314-315, 343, 366, 411, 413-414; Brandão, *Monarquia*, V, 175^v; Michaëlis, *Ajuda*, II, pp. 306, n. 1, 395, n. 7; Magne, “Um trovador”, p. 61; L. Gonzaga de Lancastre e Távora, “Apontamentos de Armaria Medieval Portuguesa, I: A Bandeira Heráldica de D. Afonso Sanchez”, *Separata do Boletim da Câmara Municipal de Cascais*, 1982, pp. 79-90, en particular, p. 79; Barbieri, “Afonso Sanchez”, p. 22; Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, pp. 184-185, n. 115.

¹⁴ Cfr. Barbieri, “Afonso Sanchez”, p. 21; Oliveira, *Depois do espectáculo*, p. 311; Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, p. 189. Datas concretas para o nacemento do trovador, diverxentes entre si e carentes de apoio documental, ofrecéronas Michaëlis, *Ajuda*, II, pp. 216, 224, 246, n. 4; *Idem*, “Randglossen”, p. 697; *Idem*, *Lições*, p. 424; Nunes, *Amigo*, I, p. 177, n. 2; Freire,

O trobador aparece referido por primeira vez nun documento de 1289,¹⁵ que recolle unha doazón de bens feita polo rei a outro dos seus bastardos, Pedro Afonso II, futuro conde de Barcelos, trobador e mecenas da lírica galego-portuguesa. Lexitimado por carta do 8 de maio de 1304 e entregado ó coidado da raíña dona Isabel,¹⁶ don Afonso tivo como tutor o privado de don Denis Pero Afonso Ribeiro.¹⁷ Este administrou distintas propiedades que o monarca lle doou ó seu bastardo. Así, o 15 de maio de 1291, don Denis entregoulle a don Afonso Sanchez sete casais na freguesía de Santa Maria de Real, no *julgado* de Pavia, e, por doazón do 12 de xaneiro de 1293, outros tres máis, localizados na mesma freguesía. En calidade de administrador, Pero Afonso Ribeiro cambiou despois eses dez casais co mosteiro de Arouca, recibindo, polos sete primeiros, a oitava parte de Vila do Conde, Nabais, Mota e Regufem e, polos tres restantes, as posesións que o cenobio tiña en Germelo. Tamén como tutor do infante, Pero Afonso entregoulle á Orde de Santiago tódalas propiedades que don Afonso tiña en Beja, recibindo en troques a metade da vila de Germelo, que lle pertencía á mencionada orde.¹⁸

Ademais deste patrimonio, o trobador obtivo outros bens en sucesivas doazóns de don Denis. En 1304 recibiu a vila e terra de San Fins dos Galegos;¹⁹ ata 1305 percibía catrocentas libras anuais sobre Chileiros; en 1310 obtivo o padroado da igrexa de San

¹⁵ Brasões, p. 193; Magne, “Um trovador”, p. 61; Sousa, *História Genealógica*, p. 148; Távora, “Apontamentos”, pp. 82, 83; Tavani, *A poesía lírica*, p. 278, e Livermore, “The Formation”, pp. 116, 125.

¹⁶ Na *Monarquia Lusitana* refírese este documento (cfr. Brandão, *op. cit.*, V, 174^v). Véxase tamén Barbieri, “Afonso Sanchez”, p. 22; Oliveira, *Depois do espectáculo*, p. 311; Barroca, *Epigrafia*, II, p. 1061.

¹⁷ Cfr. Brandão, *Monarquia*, V, 174^v-175^r, 269^v; Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, p. 194, n. 169.

¹⁸ Véxase Brandão, *Monarquia*, V, 175^r, 177^v; Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, pp. 186, n. 125, 189.

¹⁹ Docs. do 4 de agosto de 1291, do 14 de marzo de 1293 e do 20 de febreiro de 1295, respectivamente (cfr. Brandão, *Monarquia*, V, 175; Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, p. 189, n. 142).

¹⁹ O 17 de outubro de 1304, segundo indica Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 31, 66-67.

Salvador de Fervença²⁰ e, en 1312, a título de préstamo vitalicio, unhas casas na rúa Nova en Lisboa; tamén en 1312 recibiu de don Denis vinte mil libras, destinadas a cubri-los gastos derivados da compra de distintas propiedades que lle pertenceran ó segundo conde de Barcelos, don Martin Gil de Riba de Vizela, seu cuñado;²¹ en 1313 obtivo a aldea e o padroado da igrexa de Santiago de Alhariz, e, por último, en 1318, seu pai cedeulle o dereito de *apresentação* na igrexa de San João de Cinfaes, no bispado de Lamego.²²

Estes beneficios patrimoniais complementounos don Afonso Sanchez co relevante papel que desenvolveu na corte rexia. O trobador, que aparece vinculado á curia dende 1303,²³ foi un dos procuradores designados pola nobreza para asistir á lectura das *inquirições* de 1308, así como á proclamación das sentencias delas derivadas.²⁴ Así mesmo, en 1312 foi nomeado *mordomo-mor* por don Denis,²⁵ cargo no que sucedeu ó seu sogro, don João Afonso Telo II ou de Albuquerque,²⁶ e que ocupou ata 1323.²⁷

²⁰ Doc. do 10 de maio de 1310 (cfr. Brandão, *Monarquia*, VI, p. 153; Tarouca, *O Cartulario*, pp. 44-45, doc. VII).

²¹ Esa suma entregoulla o monarca a don Afonso o 2 de decembro de 1312 (cfr. Brandão, *Monarquia*, VI, p. 154).

²² Para estes datos, véxase Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, pp. 189-190, n. 143.

²³ Nese ano o infante confirma unha doazón feita á Orde de Avis (cfr. Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, p. 190, n. 146).

²⁴ Cfr. Brandão, *Monarquia*, V, 160^r; Barroca, *Epigrafia*, II, pp. 1061-1062; Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, p. 190, n. 146.

²⁵ O primeiro documento no que o trobador aparece con esa atribución data do 8 de setembro de 1312 (cfr. Brandão, *Monarquia*, VI, p. 21; Barroca, *Epigrafia*, II, pp. 1061, 1140; Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, p. 190). Datas diversas para o acceso ó cargo por parte de don Afonso Sanchez ofrecenunha a crítica. Véxase, a este propósito, Michaëlis, "Randglossen", p. 697, n. 4; *Idem*, *Lições*, p. 424; Magne, "Um trovador", p. 66; Freire, *Brasões*, p. 193; Barbieri, "Afonso Sanchez", p. 22; Oliveira, *Depois do espectáculo*, p. 311.

²⁶ O anterior *mordomo-mor* e primeiro conde de Barcelos falecera en 1304. Dende esa data e ata 1312 o posto estivo vacante, por interese do propio don Denis (cfr. Brandão, *Monarquia*, V, 250^r; *Idem*, *Ibidem*, VI, pp. 21, 30; Freire, *Brasões*, pp. 193, 195; Magne, "Um trovador", p. 66; Barbieri, "Afonso Sanchez", p. 22; Mattoso, *História*, p. 161; J. A. de Sotto Mayor Pizarro, "D. Dinis e a nobreza nos finais do século XIII", *Separata da Revista da Faculdade de Letras*, 2 Série, 10 (1993), pp. 91-101, en concreto, p. 99; Oliveira, *Depois do espectáculo*, p. 311; Barroca, *Epigrafia*, II, pp. 1061, 1140).

²⁷ En efecto, o tratado de paz de febreiro de 1324, que marcou o final da guerra civil entre don Denis e o príncipe don Afonso, obrigou o bastardo a abandona-la corte e a exiliarse en Castela (cfr. Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 429, 461; Oliveira, *Depois do espectáculo*, p. 311; Barroca, *Epigrafia*, II, p. 1061; Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, p. 190).

O importante patrimonio co que contaba e as aspiracións persoais e políticas de don Afonso Sanchez víronse reforzadas polo seu casamento con Teresa Martins Telo, filla maior de don João Afonso Telo II e de dona Teresa Sanches, bastarda de Sancho IV de Castela.²⁸ Desta unión naceron tres fillos: dous deles, de nome descoñecido, morreron sendo nenos; o outro, João Afonso de Albuquerque, *o do Ataude*, desenvolveu unha rápida carreira política en Castela, onde estivo ó servicio, como *alferes-mor*, de Alfonso XI, e, como *mordomo-mor*, de Pedro I.²⁹

Por medio deste matrimonio, posiblemente acordado por don Denis e celebrado antes de febreiro de 1306,³⁰ don Afonso Sanchez converteuse en señor da metade da fortaleza de Albuquerque,³¹ situada ó outro lado da fronteira portuguesa, áinda que só aparece con ese título a partir do 19 de outubro de 1307.³² Pouco despois, en 1308, o trovador obtivo a totalidade do señorío mediante un cambio efectuado co infante don Afonso de Molina, ó que lle entregou, pola parte da fortaleza de Al-

²⁸ Véxase Piel-Mattoso, *Livros Velhos*, p. 22; Mattoso, *Livro de Linhagens*, II/2, p. 93; Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 30-31; Michaëlis, *Lições*, p. 424; Freire, *Brasões*, p. 193; Sousa, "Contenda", p. 252; Távora, "Apontamentos", pp. 85, 89, n. 13; Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, p. 191, n. 153. Dona Teresa Martins era herdeira de parte do señorío de Albuquerque, das fortalezas de Medellín e Codiceira e de Vila do Conde (cfr. Brandão, *Monarquia*, VI, p. 269; Michaëlis, "Randglossen", p. 697; Magne, "Um trovador", p. 68; Barroca, *Epigrafia*, II, p. 1062).

²⁹ Don João Afonso foi, ademais, sexto señor de Albuquerque. Véxase Piel-Mattoso, *Livros Velhos*, p. 121; Mattoso, *Livro de Linhagens*, II/1, pp. 154-155, 218, 239-240, 290; *Idem*, *Ibidem*, II/2, pp. 93-94 (cfr. Apéndice. 2); Brandão, *Monarquia*, V, 102^r, 233, 241; *Idem*, *Ibidem*, VI, p. 219; Freire, *Brasões*, pp. 195-196; Sousa, *História Genealógica*, pp. 150-151; Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, pp. 193-194.

³⁰ Cfr. Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, p. 191, n. 154; véxase tamén Barroca, *Epigrafia*, II, pp. 1057-1058, 1062, 1138. Datas diverxentes das aquí proposta para o matrimonio do trovador ofrecéronas Brandão, *Monarquia*, V, 212^v; *Idem*, *Ibidem*, VI, pp. 31-32, 66, 219; Michaëlis, "Randglossen", p. 697; *Idem*, *Lições*, p. 424; Magne, "Um trovador", p. 67; Freire, *Brasões*, pp. 193, 194, e Oliveira, *Depois do espectáculo*, p. 311.

³¹ Deste feito dá conta a inscrición da lápida da Porta de San Mateus, no castelo de Albuquerque, datada o 4 de agosto de 1306 e hoxe depositada no Museo Arqueolóxico de Badaixo (véxase Barroca, *Epigrafia*, II, p. 1052; cfr. tamén *Idem*, *Ibidem*, p. 1139, e Brandão, *Monarquia*, VI, p. 153).

³² Cfr. Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 66, 119; Freire, *Brasões*, p. 193; Oliveira, *Depois do espectáculo*, p. 311; Barroca, *Epigrafia*, II, p. 1062. Véxase tamén Barbieri, "Afonso Sanchez", p. 22.

buquerque que estaba no seu poder, a vila de San Fins dos Galegos e sesenta mil marabedís.³³ Nese mesmo ano de 1308, o 13 de xullo, don Afonso Sanchez e a súa dona determinan en Guimarães a transmisión da metade do devandito señorío, repetindo e modificando parcialmente esas disposicións nun novo documento, datado en Lisboa o 20 de abril de 1310.³⁴

Ademais da metade do señorío de Albuquerque, don Afonso Sanchez recibiu do primeiro conde de Barcelos outros bens patrimoniais, que lle foron entregados tras un longo litixio co seu cuñado, don Martin Gil de Riba de Vizela II, desposado con dona Violante Sanches, irmá de dona Teresa.³⁵ As diferencias entre ambos saldáronse coa sentencia emitida por don Denis o 3 de xaneiro de 1312.³⁶ Segundo esta, outorgáronselle a don Martin Gil as honras e señoríos de Cervá, Atei, Santa Maria da Ribeira, Lemos, Mondim de Basto, as ferrerías do *julgado* de Celorico de Basto e o castelo de Zagala;³⁷ pola súa parte, don Afonso Sanchez recibiu

³³ Don Denis abonou esta cantidade, como se desprende dun documento de 1310 no que don Afonso Sanchez ordena a transmisión do señorío de Albuquerque (cfr. Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 148, 151). O reparto da fortaleza entre don Afonso Sanchez e don Afonso de Molina debíase a razóns familiares, pois a dona do trobador e o infante de Molina eran herdeiros do primeiro señor de Albuquerque. Para outros pormenores relativos a este acordo, véxase Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 66, 67; Magne, “Um trovador”, pp. 67-68; Barroca, *Epigrafia*, II, pp. 1058, 1062-1064, 1139; Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, p. 189, n. 143.

³⁴ Cfr. Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, pp. 191, n. 155; véxase tamén Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 147-151, e Barroca, *Epigrafia*, II, pp. 1064, 1139.

³⁵ Para a biografía deste fillo de Martin Gil I, *alferes-mor* entre 1295 e 1312 e *mordomo-mor* do príncipe don Afonso entre 1302 e 1312, e para a súa ascendencia familiar, véxase Piel-Mattoso, *Livros Velhos*, pp. 34-35, 41-46, 52, 56, 60, 62, 93-99, 104, 193; Mattoso, *Livro de Linhagens*, II/1, pp. 171, 173, 191-193, 308-320, 375, 376, 430-431, 437, 488; *Idem*, *Ibidem*, II/2, pp. 34-37, 51-52, 85, 97-98, 100; Brandão, *Monarquia*, V, 172^r, 173^r, 234, 240^r, 263, 264^r, 268^r; *Idem*, *Ibidem*, VI, pp. 21-22, 42, 57, 65-66, 129, 134, 136, 154, 176, 186-190, 367, 578-582; Sousa, “Contenda”, pp. 253-255; Lopes, “O primeiro manifesto”, pp. 22-24; Mattoso, “A guerra civil”, pp. 298-299; *Idem*, *História*, p. 162; Pizarro, “D. Dinis”, p. 99; *Idem*, *Linhagens Medievais*, I, pp. 533-553. Para dona Violante Sanches, data do seu matrimonio con Martin Gil e outros pormenores biográficos, véxase Pizarro, *Ibidem*, I, pp. 551-553.

³⁶ Cfr. Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 31-32, 168; Barbieri, “Afonso Sanchez”, p. 22; Oliveira, *Depois do espectáculo*, p. 311; Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, pp. 191-192, 551-552, n. 102. A carta que recolle a sentencia do monarca foi publicada por Sousa, “Contenda”, pp. 257-259 (véxase un extracto en *Apéndice*, 3), e Tarouca, *O Cartulário*, pp. 45-48, doc. VIII.

³⁷ Cfr. Sousa, “Contenda”, p. 258 –véxase *Apéndice*, 4; Brandão, *Monarquia*, VI, p. 168; Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, pp. 551-552, n. 102.

Safões, Soverosa e Macieira, así como tódalas propiedades que don Martin Gil tiña en Oliveira e Cortegaça. Ademais, o bastardo rexio herdou os bens que o primeiro conde de Barcelos posuía en Santarém e Lisboa, e nos seus termos, no Lumiar, en Alcubela (termo de Sintra), en Alcoentre (termo de Santarém) e en Campo Maior (entre Arronches e Badajoz), e recibiu, así mesmo, no Além Douro, Souto de Rebordões, Varzim de Jusão e Touginha (en Vila do Conde).³⁸ Asemade, e neste mesmo ano, don Denis entregoulle ó trobador vinte mil libras, coas que este comprou a maioría das propiedades que lle tocaran a don Martin Gil no reparto dos bens de João Afonso de Albuquerque, incrementando ánda máis o seu xa importante poder económico.³⁹

Entre 1313 e 1322 hai, así mesmo, abundantes documentos que refiren a administración por parte de don Afonso Sanchez e de dona Teresa Martins dos bens que ambos posuían.⁴⁰ Desa do-

³⁸ Consultese Sousa, “Contenda”, pp. 258-259 —véxase *Apéndice. 5*; Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 168-169; Tarouca, *O Cartulário*, pp. 45-48, doc. VIII, e Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, p. 192, n. 156. Por carta do 3 de xaneiro de 1312 don Denis mándalles entregar a don Afonso Sanchez e a dona Teresa Martins as propiedades mencionadas na sentencia rexia (cfr. Tarouca, *O Cartulário*, pp. 49-50, doc. IX).

³⁹ Don Afonso Sanchez adquiriu, en concreto, Cervã, Atei, Atães, Vila Caiz, Vila Maram, Unhão, Barlhães, Veiga, Vilar de Torno, Tagilde, Palmeira, Miradoiro, Paços, Baião, Sam Martinho de Ovelha, Mancelos, Almançais, Carrazedo, Sequeiros, Besteiros, Novelos, Nevgilde, Regilde, Veariz, o mato de Sovelhães, Lordelo e Avintes, así como os bens que o conde posuía no Entre-Douro-e-Minho, excepto Mondim e as ferrerías (cfr. Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, p. 190, n. 143). A compra das propiedades de don Martin Gil efectuouse a pesar de que o conde, no seu testamento, datado o 23 de novembro de 1312, excluía expresamente a Afonso Sanchez e ós outros bastardos de don Denis do acceso ós mesmos (cfr. Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 154, 190, 197, 579-580). Así mesmo, o castelo de Zagala, que don Martin Gil lle legara ó seu sobriño e principal herdeiro don Pedro Fernandez de Castro, foille entregado tamén a don Afonso Sanchez polo alcaide da mencionada fortaleza, Estevão de Freitas, o Mal Andante (véxase Mattoso, *Livro de Linhagens*, II/2, pp. 23-24; Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 190, 578).

⁴⁰ En 1313 o matrimonio efectuou un cambio con Martim Anes de Briteiros, ó que lle entregaron a aldea e a igrexa de Alhariz, recibindo en troques as posesións que este tiña en Cervã, Atei, Atães e Soverosa. O 6 de outubro de 1318 don Afonso Sanchez e a súa dona doaronlle ó mosteiro de Pombeiro o padroado da igrexa de Sam Mamede de Cepães, e o 18 de outubro dese mesmo ano vendéronlle a don Denis, por quince mil libras, a vila e o castelo de Campo Maior, así como as herdades da Contenda. Finalmente, o 8 de outubro de 1321 don Afonso Sanchez e dona Teresa Martins entregáronlle unhas casas a Estevan da Guarda. Pola súa parte, en 1322 dona Teresa doolle ó mosteiro de Pombeiro o valor de cincuenta libras anuais sobre os seus bens de Neiva. Para estes datos, véxase Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 32,

cumentación merece destacarse a relativa á fundación do mosteiro de Santa Clara de Vila do Conde, o 7 de maio de 1317,⁴¹ xa que nela se recollen, ademais do regulamento interno do cenobio, as distintas propiedades⁴² que a esa institución relixiosa lle outorgou o matrimonio.⁴³

Ademais deste inmenso patrimonio, don Afonso Sanchez constituíu unha gran *casa señorial*; dela formaron parte Nuno Rodrigues de Vasconcelos (*mordomo*), Giral Pires (*despenseiro*), Fernão Gomes e Vasco Pais de Azevedo (cabaleiros), Martim Afonso do Vale (alcaide de Albuquerque), Estevão Pires Zarco

197, 429, 579; Tarouca, *O Cartulário*, p. 119, doc. 4 do Apéndice; Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, pp. 192, n. 157, n. 160.

⁴¹ Esta é a data achegada por Pizarro (cfr. *Linhagens Medievais*, I, p. 192). O resto da crítica é unánime, aínda que nalgúns casos cunha certa reserva, ó sitúa-la fundación do cenobio en 1318, ano que se corresponde co que figura na carta de dotación e institución do mosteiro (cfr. Brandão, *Monarquia*, V, 225; *Idem, Ibidem*, VI, pp. 154, 233, 269, 563-571; Magne, “Um trovador”, p. 68; Sousa, *História Genealógica*, pp. 149, 150; Tarouca, *O Cartulário*, pp. 13, 20, 29, 35, 78-89, doc. XXIX; Livermore, “The Formation”, pp. 116, 144, n. 20; Barbieri, “Afonso Sanchez”, p. 22; Oliveira, *Depois do espectáculo*, p. 311; Barroca, *Epigrafia*, II, p. 1062). Sen embargo, unha carta de don Denis, na que o monarca lle doa ó mosteiro a igrexa de Santiago de Murça e que está datada o 9 de abril de 1318, parece apoia-la hipótese fornecida por Pizarro (véxase Tarouca, *O Cartulário*, pp. 52-53, doc. XI). Así mesmo, Xoán XXII outorgou a fundación e recollemento das profesas da orde de Santa Clara o 15 de marzo de 1318. Na bula indícase que nese momento xa estaban recollidas freiras no convento, feito que corrobora a data de Pizarro e que foi apuntada tamén por Brandão (cfr. *Monarquia*, VI, pp. 269, 271).

⁴² Cfr. Tarouca, *O Cartulário*, pp. 78-89, doc. XXIX, en concreto, pp. 79-80 ó Apéndice. 6—; Sousa, *Provas*, pp. 155-156 ó documento completo ocupa as pp. 154-1656; Barroca, *Epigrafia*, II, p. 1062.

⁴³ Os bens que don Afonso e dona Teresa lle cederon ó mosteiro foron incrementados posteriormente con novas doazóns, privilexios e exencións rexias. Por carta do 9 de abril de 1318 don Denis dooulle ó mosteiro de Santa Clara a igrexa de Santiago de Murça; por carta do 29 de xullo de 1318 deulle as igrexas de Sam Vicente da Chá e de Santa Cruz de Lamas de Orelhão e o 8 de agosto entregoulle a quinta de Fornos, no *juggado* da Feira. O 3 de xaneiro de 1319 o monarca deulle carta de couto a Santa Clara de Vila do Conde e por carta do 4 de xaneiro dese mesmo ano renunciou ós dereitos que tiña no cenobio, así como ós dos seus sucesores. Finalmente, por documento do 10 de xaneiro de 1319 don Denis outorgoulle carta de privilexio ó mosteiro, dispensándoo de cumplir la lei de 21 de marzo de 1291 que lles impedía ás fundacións relixiosas herdar bens de raíz. O rei portugués, no seu testamento do 20 de xuño de 1322, deixoulle, así mesmo, a Santa Clara duascents libras, manda que foi confirmada no documento que recolle as súas últimas vontades, datado en Santarém o 31 de decembro de 1324 (cfr. Tarouca, *O Cartulário*, pp. 52-53, doc. XI; 54, doc. XII; 54-55, doc. XIII; 55-56, doc. XIV; 57-58, doc. XV; 58-59, doc. XVI; Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 426, 585).

(avogado da corte), Bartolomeu Martins (escudeiro e procurador), Estevão Pires, abade de Telões (chanceler), Vicente Domingues (pousadeiro) e Gonçalo Martins de Felmir (vigairo do infante na quinta de Atães).⁴⁴

En relación co enorme poder que chegou a dete-lo bastardo rexio, tanto a nivel económico como político, débese situa-lo acontecemento que marcou os anos finais do reinado de don Denis, a guerra civil de 1319-1324.⁴⁵

Parte das causas dese conflicto expóñense nos tres manifestos que don Denis fixo públicos durante os enfrentamentos con don Afonso. No primeiro deses documentos, datado o 1 de xullo de 1320 e lido en Santarém, o monarca recolle as inxurias recibidas da parte do infante ata esa data, prestándolle particular atención a dous episodios: a petición do rexemento de xustiza por parte do príncipe herdeiro⁴⁶ e as intrigas que comprometían a don Afonso Sanchez, acusándoo de querer envenelar o infante e de tentar pri-

⁴⁴ Cfr. Tarouca, *O Cartulário*, p. 89; Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, p. 190, n. 147.

⁴⁵ Como puxeron de relevo os especialistas en historia medieval portuguesa, neste conflicto culminou a tensión acumulada ó longo de varios anos entre o monarca e o príncipe herdeiro don Afonso, o descontento da nobreza ante a política de centralización exercida por don Denis e a división que se produciu no seo da denominada nobreza de corte durante o período dionisino. A tensión entre o monarca e o seu herdeiro tería a súa orixe nos amplos privilexios cos que don Denis dotaba os seus bastardos e, en particular, ó propio Afonso Sanchez. En canto ó segundo aspecto, a centralización exercida polo monarca, que recortaba notablemente os privilexios da alta aristocracia, plasmouse tanto nos enfrentamentos que don Denis mantivo co seu irmán, o infante don Afonso, en 1281, 1287 e 1299, como na realización de *inquirições* de xeito sistemático no norte señorial. En canto á división que se verificou no interior da nobreza de corte, as diferencias entre o propio Afonso Sanchez e o conde Martin Gil de Riba de Vizela, o exilio en Castela de Raimundo de Cardona, *mordomo-mor* do príncipe don Afonso e testamenteiro de don Martin Gil, e a expatriación de don Pedro de Barcelos constitúen exemplos claros dessa fractura. Para estes datos, véxase Mattoso, *Livro de Linhagens*, II/1, pp. 130, 238 –véxase Apéndice, 7, 8-, 438; Calado, *Crónica*, pp. 193-194; Brandão, *Monarquia*, V, 95^r, 98^r, 173^r; *Idem, Ibidem*, VI, pp. 95-96, 187-188, 198, 368; Lopes, “O primeiro manifesto”, pp. 25-26, n. 2 e n. 1; Mattoso, “A guerra civil”, pp. 294-298; *Idem, História*, pp. 158-162; Pizarro, “D. Dinis”.

⁴⁶ Véxase Lopes, “O primeiro manifesto”, pp. 32-33 (–cfr. Apéndice, 9–); Calado, *Crónica*, pp. 195-196; Mattoso, *História*, p. 162. Cfr. tamén Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 358-359. O aspecto relativo ó rexemento da xustiza, solicitado polo infante en 1319, reviste particular importancia para don Denis, como se deduce da súa presencia recorrente nos tres manifestos, xa que respondía ós intereses da nobreza, duramente atacados pola política centralizadora exercida polo monarca (véxase Mattoso, “A guerra civil”, p. 299; *Idem, História*, p. 162).

valo dos seus dereitos ó trono portugués.⁴⁷ Estas últimas parecen responder ós intereses da nobreza, que buscaba consegui-la adhesión do príncipe á súa causa, aproveitando o resentimento xerado en don Afonso polo favoritismo co que don Denis tratava o seu bastardo. En efecto, as acusacións contra o trobador, como se verá liñas más abaixo, perden protagonismo nos dous manifestos seguintes, pasando a súa persoa a un segundo plano.

Así mesmo, neste primeiro manifesto faise unha breve alusión ó motín de Pinheiro de Ázere, ocorrido en 1317. Tamén neste caso don Afonso Sanchez está no centro da polémica, pois é acusado de instiga-lo motín e de se-lo responsable directo da expulsión do conde don Pedro Afonso II, seu irmán, do reino.⁴⁸

No segundo manifesto, feito público o 15 de maio de 1321 en Lisboa, don Denis retoma a petición do rexemento de xustiza por parte do infante como unha das razóns que motivaron o seu enfrentamento con don Afonso, expondo a seguir as afrontas que recibiu deste e dos seus seguidores, así como a toma de armas en Sintra por parte do príncipe contra el e o seu exército.⁴⁹

⁴⁷ Cfr. Lopes, “O primeiro manifesto”, pp. 37-39 (—véxase *Apéndice. 10*—), e Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 371-372. Á solicitude de información por parte de don Denis sobre as acusacións de envenenamento que recaían sobre don Afonso Sanchez respondeulle o infante don Afonso nun documento dado en Coimbra o 6 de xuño de 1320 (véxase Lopes, “O primeiro manifesto”, pp. 39-44). A carta de Rui Vasques, Comendador de Magazela, desmentindo as acusacións do infante relativas á conspiración para envenenalo, foi publicada por Lopes, *Ibidem*, pp. 44-45. Tamén a *Crónica de Portugal de 1419* recolle o asunto do veneno e a valoración de don Denis sobre este episodio, a acusación feita contra o monarca e o seu bastardo de querer desherda-lo príncipe, a pregunta de don Denis e a subseguiente resposta do infante, e o informe de Magazela enviado ó rei. Ante as acusacións difundidas no reino relativas á suposta petición ó papado por parte de don Denis da dispensa necesaria para coroar a Afonso Sanchez, Xoán XXII fixo pública unha bula, o 10 de setembro de 1320, na que desmiente tales feitos (véxase Calado, *Crónica de Portugal*, pp. 196-204, e *Apéndice. 11*; para este episodio, consultese tamén Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 365-366).

⁴⁸ Este exiliouse en Castela, confrontado con don Denis, entre 1317 e 1322, como relata a *Crónica Geral de España de 1344* (cfr. Cintra, *op. cit.*, IV, pp. 252-253 —*Apéndice. 12*—). Don Denis, sen embargo, acusa a don Pedro deste confrontamento, aliándoo co príncipe don Afonso. Véxase Lopes, “O primeiro manifesto”, pp. 28-29 (cfr. *Apéndice. 13*); Calado, *Crónica*, p. 194; Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 368, 418-419; Mattoso, “A guerra civil”, p. 300; *Idem, Historia*, p. 162.

⁴⁹ Para estes episodios, véxase Lopes, “Santa Isabel”, pp. 34-41; Calado, *Crónica*, pp. 204-209; Brandão, *Monarquia*, VI, p. 387.

Don Afonso Sanchez, que ocupara un papel central no primeiro documento rexio, queda agora nun segundo lugar. En efecto, áinda que o bastardo segue fiel a don Denis,⁵⁰ a ausencia de calquera mención á súa persoa neste texto indica que as razóns últimas do conflicto civil de 1319-1324 eran outras, de maior peso e de más fondas raíces cá influencia e cá predilección de que gozaba o trobador nos círculos áulicos.

O 17 de decembro de 1321 don Denis publicou, tamén en Lisboa, o terceiro e último manifesto contra o príncipe don Afonso. Este documento, que reflicte o punto máis álxido da tensión entre o rei e o infante, e que resume os sucesivos motivos do enfrentamento entre o monarca e o seu herdeiro, é xa unha aberta declaración de guerra.⁵¹

Don Afonso levantouse en armas contra don Denis entre fins de decembro de 1321 e febreiro de 1322, tomando Coimbra, os castelos de Montemor-o-Velho, de Vila Nova de Gaia, da Feira e do Porto, e cercando Guimarães. Don Denis, pola súa parte, tomou Leiria e avanzou sobre Coimbra, onde se encontraba en marzo de 1322. O infante abandonou entón o cerco de Guimarães para volver a Coimbra, cidade na que comenzaron as conversacións de paz e na que se estableceu o primeiro acordo entre as partes en conflito, ratificado en Leiria en maio dese mesmo ano 1322. Por este tratado, o príncipe don Afonso recibiu o señorío de Coimbra, e do seu termo, e Montemor-o-Velho, así como os castelos de Gaia, Feira e do Porto.⁵² De acordo coa *Crónica Geral de Espanha de 1344*, don Afonso áinda tiraría outra compensación dese acordo de paz, xa que don Afonso Sanchez se vería obrigado a abando-

⁵⁰ E, de feito, don Afonso Sanchez está presente no momento da publicación do manifesto (cfr. Lopes, “Santa Isabel”, pp. 39-40; véxase tamén Brandão, *Monarquia*, VI, p. 388).

⁵¹ Véxase *Documentos*, pp. 142-143, e Calado, *Crónica*, pp. 209-210.

⁵² Véxase Mattoso, *Livro de Linhagens*, II/1, pp. 130-131; Cintra, *Crónica Geral*, IV, pp. 253-255; Calado, *Crónica*, pp. 210-212. Para estes episodios, consultese, ademais, Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 410-420; Freire, *Brasões*, pp. 188-189; V. Rau, *Itinerários Régios Medievais, I: Itinerário del-Rei D. Dinis, 1279-1325*, Instituto de Alta Cultura-Centro de Estudos Históricos, Lisboa, 1962, p. 86; F. Félix Lopes, “Santa Isabel na contenda entre D. Dinis e o fillo, 1321-1322”, *Lusitania Sacra*, 8 (1967-1969), pp. 57-80, en particular, pp. 67-75; An-tunes et al., “Conflitos políticos”, p. 118; Mattoso, *História*, p. 163.

na-lo reino: “Pero, nas preitesias que forõ feitas en Coimbra, era côtheudo que Affonso Sanchez fosse fora da terra. E assy foy feito”.⁵³ Sen embargo, e como ilustran distintos documentos da chancelería rexia posteriores ó tratado de 1322, don Afonso Sanchez aínda permanecía na corte neses anos.⁵⁴

As diferencias entre o rei e o príncipe herdeiro continuaron. En outubro de 1323 convocáronse Cortes en Lisboa a petición do infante, que abandonou a asemblea, retirándose a Santarém coa intención de conquistar Lisboa.⁵⁵ O confrontamento entre as tropas do rei e as do príncipe don Afonso tivo lugar en Albogas, localidade próxima a Loures.⁵⁶ Despois dunha breve tregua, os dous bandos volvérónse enfrentar en Santarém, cidade á que o monarca se trasladara e na que o infante e o *concelho* se negaran a recibilo.⁵⁷

O acordo de paz co que culminou o conflicto tivo lugar en febreiro de 1324 e foi ratificado en maio dese mesmo ano. Este tratado, ademais de diferentes beneficios para o infante don Afonso, contemplaba, agora si, o exilio de don Afonso Sanchez.⁵⁸ O tro-

⁵³ Cintra, *Crónica Geral*, IV, p. 254.

⁵⁴ Fr. F. Brandão fai referencia na *Monarquia Lusitana* a un documento de 1322 no que don Denis lle doa á súa sobriña dona Isabel, filla do infante don Afonso, as vilas de Penela e Miranda, e que confirma, como *mordomo-mor*, don Afonso Sanchez. Polo tanto, o bastardo aínda debía estar nese ano en Portugal (cfr. Brandão, *op. cit.*, V, 39). Así mesmo, don Afonso Sanchez é nomeado testamenteiro por don Denis o 20 de xuño de 1322 (cfr. *op. cit.*, VI, pp. 428-429). Para esta primeira concordata entre as partes en conflicto, consultese Mattoso, *Livro de Linhagens*, II/1, p. 131; Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 420-424; Freire, *Brasões*, pp. 189-190; Rau, *Itinerários*, p. 86; Lopes, “Santa Isabel na contenda”, pp. 75-80; Antunes *et al.*, “Conflitos políticos”, pp. 118-119; Mattoso, *História*, p. 163.

⁵⁵ Cfr. Cintra, *Crónica Geral*, IV, p. 256; Calado, *Crónica*, p. 214; Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 447-451.

⁵⁶ Véxase Mattoso, *Livro de Linhagens*, II/1, pp. 238-239; Cintra, *Crónica Geral*, IV, pp. 257-258; Calado, *Crónica*, pp. 214-215; Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 453-457.

⁵⁷ Cfr. Mattoso, *Livro de Linhagens*, II/1, p. 131; Cintra, *Crónica Geral*, IV, pp. 258-259; Calado, *Crónica*, pp. 215-216; Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 457-459; Freire, *Brasões*, pp. 190-192; Rau, *Itinerários*, pp. 88-89; Antunes *et al.*, “Conflitos políticos”, p. 119; Mattoso, *História*, p. 163.

⁵⁸ Cfr. Cintra, *Crónica Geral*, IV, p. 259; Calado, *Crónica*, pp. 216-217 –véxase Apéndice 14; Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 460-462. Como se indicou liñas más arriba, a *Crónica Geral de España de 1344* xa situaba o abandono do reino por parte do bastardo no primeiro acordo de paz entre as partes en conflicto. En efecto, esta crónica discrepa no relato dos acontecimentos tanto da *Crónica de Portugal de 1419* como dos datos recollidos en documentos da época. Para a diverxencia entre ámbalas dúas crónicas, cfr. Cintra, *Crónica Geral*,

bador retirouse a Castela, á corte do seu sobriño Alfonso XI (1312-1350), posiblemente xa a principios de 1324.⁵⁹

En 1325, á morte de don Denis e xa como rei, Afonso IV confiscou tódalas posesións que don Afonso Sanchez tiña en Portugal. O trobador, en resposta, realizou varias incursións armadas na primavera e verán de 1325 en Trás-os-Montes e no Alto Alentejo, apoiado polo exército castelán. Derrotadas as tropas portuguesas mandadas polo mestre de Avis, frei Gonçalo Vaz, ante o exército do señor de Albuquerque, don Afonso IV invadiu os dominios que seu irmán tiña en Castela, destruíndo a forteza de Codiceira, que foi tomada o 5 de outubro de 1325.⁶⁰ A partir dese momento non se documentan novas agresións entre as partes, polo que debeu establecerse un acordo entre ambas, posiblemente a partir de 1326.⁶¹

Don Afonso Sanchez morreu a mediados de 1328, durante o cerco ó que as tropas de Alfonso XI sometían a vila de Escalona,

I, pp. clvii-clviii, n. 81, e véxase *supra*, n. 54, para a discrepancia con respecto á documentación da época. Para este último acordo de paz, véxase Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 460-464; Freire, *Brasões*, p. 192; Antunes et al., “Conflitos políticos”, pp. 119-120; Mattoso, *História*, p. 163; Barroca, *Epigrafia*, II, p. 1061. Don Denis aínda nomeou a don Afonso Sanchez testamenteiro a finais de 1324, no documento que recolle as súas últimas vontades (cfr. Brandão, *Monarquia*, VI, pp. 469-470, 587); sen embargo, o bastardo debía estar xa en Castela desde principios de ano.

⁵⁹ Na corte de Alfonso XI o señor de Albuquerque testemuñou en 1327 varios diplomas relativos ás relacións entre Portugal e Castela. Véxase Brandão, *Monarquia*, VI, p. 429; Freire, *Brasões*, pp. 192, 193; Oliveira, *Depois do espectáculo*, p. 311; Barroca, *Epigrafia*, II, p. 1061; Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, pp. 190-191, n. 149 e n. 150.

⁶⁰ Véxase Cintra, *Crónica Geral*, IV, p. 260 –texto reproducido en *Apéndice. 15-*.

⁶¹ Cfr. Freire, *Brasões*, pp. 193-194; Távora, “Apontamentos”, pp. 84-85; Antunes et al., “Conflitos políticos”, p. 120; Oliveira, *Depois do espectáculo*, p. 311; Barroca, *Epigrafia*, II, p. 1061; Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, p. 191, n. 149. Barbieri, pola súa parte, sitúa o fin do conflicto entre os irmáns en 1328 (cfr. “Afonso Sanchez”, p. 22). O confrontamento entre don Afonso Sanchez e o rei portugués aínda aparece referido nun documento de 1326 no que se recolle a sentencia, dada en Lisboa o 4 de xullo, pola que don Afonso IV condena a morte a don João Afonso, bastardo de don Denis e medio irmán do rei e do señor de Albuquerque. Don João Afonso, que tomara a parte do seu proxenitor durante a guerra civil, foi acusado por Afonso IV de conspiración con don Afonso Sanchez (cfr. M. T. Campos Rodrigues e N. Espinosa Gomes da Silva, *Livro das Leis e Posturas*, Faculdade de Direito, Lisboa, 1971, pp. 241-244 –véxase un extracto do documento en *Apéndice. 16-*). Consultese, ademais, Mattoso, *Livro de Linhagens*, II/1, p. 129; Brandão, *Monarquia*, V, 185^o; *Idem, Ibidem*, VI, p. 461; Freire, *Brasões*, p. 193; Antunes et al., “Conflitos políticos”, pp. 120-121; Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, p. 197.

pertencente ó infante don Juan Manuel.⁶² Posteriormente, o corpo do trobador foi trasladado ó mosteiro de Santa Clara de Vila de Conde, cenobio do que era padroeiro e protector e no que se conserva o seu mausoleo.⁶³

⁶² Véxase Catalán, *Gran Crónica*, I, p. 435 —o texto recóllese en *Apéndice. 17*; Antunes et al., “Conflitos políticos”, p. 121; Oliveira, *Depois do espectáculo*, p. 311; Barroca, *Epigrafia*, II, p. 1062; Pizarro, *Linhagens Medievais*, I, p. 191. O resto da crítica é unánime ó situá-la data de falecemento do trobador en 1329. Así, Braga, *Cancioneiro*, p. lxviii; Michaëlis, *Ajuda*, II, pp. 216, 224, 228; *Idem*, “Randglossen”, p. 697; *Idem*, *Lições*, p. 424; Freire, *Brasões*, p. 194; Magne, “Um trovador”, p. 58; Sousa, *História Genealógica*, p. 149; Livermore, “The Formation”, pp. 116, 125; Tavani, *A poesía lírica*, pp. 38, 278, e Barbieri, “Afonso Sanchez”, pp. 21, 22. Segundo Sousa, o trobador falecería en 1327 (cfr. “Contenda”, p. 255). Para a datación do cerco de Escalona, que se desenvolveu entre marzo e agosto de 1328, consultese a documentación publicada por A. Giménez Soler, *Don Juan Manuel. Biografía y estudio crítico*, Tipografía La Académica, Zaragoza, 1932, pp. 563-574. Unha visión certamente singular dos anos finais do trobador achéga Távora, “Apontamentos”, pp. 82, 85, 89, n. 15.

⁶³ Véxase Mattoso, *Livro de Linhagens*, II/1, p. 129; Brandão, *Monarquia*, V, 156^c; *Idem*, *Ibidem*, VI, pp. 270-271; J. A. Ferreira, *Os Tumulos do Mosteiro de Santa Clara de Vila do Conde*, Edições Illustradas Marques Abreu, Porto, 1925; Freire, *Brasões*, p. 194; Sousa, *História Genealógica*, pp. 149-150; Barroca, *Epigrafia*, II, pp. 1062-1063. Dona Teresa Martins, que sobreviviu ó seu esposo, obtivo a devolución dos bens que lle confiscara Afonso IV a don Afonso Sanchez, con excepción de Souto de Rebordões, Alcoentre e Lumiar, por documento do 14 de xullo de 1330 ótres anos despois, o 27 de xaneiro de 1333, o monarca volvveu ordenar que se cumprixe esta ordeó. En canto ás propiedades que non foran contempladas naquel documento, a súa posesión foille confirmada a dona Teresa por sentencia do 28 de agosto de 1341, co que mantivo a xurisdiccción *de civil e de crime* en Vila do Conde, no *julgado* de Souto de Rebordões, en Alcoentre, nas vilas de Parada e de Pousadela, en Varzim de Jusão e en Touginha. Ó ano seguinte, sen embargo, foi condenada, tal vez por non poder demonstra-la súa posesión, a perder tódalas xurisdiccionés dos coutos e honras de Sam Martinho de Ovelha, Cervã, Soverosa, *Daqui, Menquefacta, Senhomil, Assquiz, Vila Marim, Ouda, Sam Lourenço de Bairro, Ameal, Paredes, Casal, Casalinho, Ujerra, Novelas, Atães, Nespereira, Vila Queviz, Tagilde, Regilde, Pereira de Faro, Lovegilde, Capães, Macieira, Unhão, Lordelo e Maçãs de dona María*, localizados todos eles, salvo o último, no Entre-Douro-e-Minho (doc. do 24 de xullo de 1342). Por outra parte, está documentada a administración por dona Teresa das seus bens ata 1346. En 1329 concedelle á súa cuñada, Fruilhe Anes de Briteiros, o dereito a ter uns bens en Alcoentre nas mesmas condicións có seu anterior propietario, Gonçalo Simões, criado de dona Fruilhe (doc. do 18 de xuño). En 1331 recibiu orde de don Afonso IV para demarca-los bens que tiña, co mosteiro de Arouca e coa orde do Hospital, en Unhão, no *julgado* de Felgueiras (doc. do 9 de agosto). En 1334 dona Teresa Martins dooulle ó mosteiro de Odivelas a igrexa de Sam João de Lumiar, e, ó ano seguinte e en compañía do seu fillo, dooulle ó mosteiro de Santa Clara de Vila do Conde tódolos dereitos que tiña nas igrexas de Sam Pedro de Atei, de Sam Pedro de Cervã e de Sam Pedro de Polvoreira. Así mesmo, as *inquirições* de 1343 mencionan distintas posesións que a viúva de don Afonso Sanchez tiña en varias freguesías do *julgado* de Celorico de Basto. Finalmente, en 1346 fórónlle embargados os rendementos da quinta de Macieira, da torre de Vilar e do pazo de Unhão para pagarlles débedas ós testamenteiros de dona Bataça, cos que andara en preito polos bens da-

Lonxe da aura de santidade coa que se quixo envolve-la súa figura, don Afonso Sanchez amósase ós nosos ollos como un personaxe políédrico. Dono dun rico patrimonio e dunha gran casa señorrial e detentor dun importante papel político na corte de seu pai, o bastardo e trobador foi, como seu irmán o príncipe don Afonso, non a causa da guerra de 1319-1324, senón unha das vítimas –non inocente, é certo– da fractura política, social e económica que desembocou nas loitas civís que tinguiroñ os anos finais do reinado de don Denis. A pesar da mácula da bastardía, don Afonso ocupou as más altas esferas do poder na corte portuguesa, servíndose, para iso, dunha conxuntura social e política favorable. En efecto, o señor de Albuquerque aproveitou o ocaso das vellas liñaxes, vinculadas á constitución do reino portugués e ós seus primeiros monarcas, e valeuse da política rexia, fortemente centralizadora e tendente a prescindir da alta nobreza en favor da propia familia real. Apoio fiel de don Denis, o trobador obtivo a concesión de grandes beneficios e prerrogativas da parte do rei, ademais de establecer sólidas alianzas que lle permitiron afianza-la súa riqueza patrimonial e a súa influencia política. Só así se explica o enorme poder que chegou a acadar este bastardo, que deixou unha marca indeleble na historia do Portugal da Idade Media.

quela. Debeu morrer con posterioridade a este ano, o último no que se fai mención á súa persoa na documentación conservada para este período. Para estes datos, véxase Tarouca, *O Cartulário*, pp. 60-63, doc. XVII; Brandão, *Monarquia*, V, 177^o, 224^o; Magne, "Um trovador", p. 67; Sousa, *História Genealógica*, p. 150; Oliveira, *Depois do espectáculo*, p. 311; Pizzatto, *Linhagens Medievais*, I, pp. 192-193, n. 160 e n. 161.